

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 7 DE FEBREIRO DE 2022.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Yessica Méndez Sánchez

NON ASISTE:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanessa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta minutos do día sete de febreiro do ano dous mil vinte e dous, reúne a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.^a María Guadalupe Pombo Carril.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN. SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 31 DE XANEIRO DE 2022.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data trinta e un de xaneiro de dous mil vinte e dous, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 31 de xaneiro de 2022.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Orde do 7 de xaneiro de 2022, da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR351F). DOG núm. 21 do 01-02-2022.

- Orde do 7 de xaneiro de 2022, da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (código de procedemento TR351A). DOG núm. 21 do 01-02-2022.
- Anuncio do 4 de xaneiro de 2022, do Instituto Galego da Vivenda e Solo -Área Provincial da Coruña-, polo que se empra a persoa interesada para ser notificada por comparecencia no proceso de selección de persoas adxudicatarias de vivendas de promoción pública en segundas adxudicacións no concello de Culleredo. DOG núm. 21 do 01-02-2022.
- Anuncio do 12 de xaneiro de 2022, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación -Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais-, polo que se lles notifican a varios interesados a aprobación definitiva e a declaración de utilidade pública do proxecto sectorial de ampliación das instalacións da sede central do Grupo Caamaño. DOG núm. 23 do 03-02-2022.
- Anuncio do 19 de xaneiro de 2022, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación -Xefatura Territorial da Coruña-, de convocatoria para o levantamento das actas previas á ocupación correspondentes aos bens e dereitos afectados por unha instalación industrial (proxecto sectorial de incidencia supramunicipal), no concello de Culleredo. DOG núm. 23 do 03-02-2022.
- Orde do 31 de decembro de 2021, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para a adquisición de novidades editoriais (programa A) e para a mellora das coleccións no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (programa B), ambas en formato físico, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento CT235A). DOG núm. 24 do 04-02-2022.
- Anuncio do 28 de xaneiro de 2022, da Deputación Provincial da Coruña, de aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2022, primeira fase. BOP núm. 21 do 01-02-2022.
- Extracto da Resolución número 2022/5191, do 27 de xaneiro de 2022, da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia da Coruña (línea 1.1. PEL-CONCELLOS 2022). BOP núm. 22 do 02-02-2022.
- Extracto da Resolución número 4586/2022, do 25 de xaneiro de 2022, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproban as bases reguladoras da convocatoria do programa de subvencións a concellos e agrupacións de municipios da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a financiación do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2022. BOP núm. 25 do 07-02-2022.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería delegada da Área de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

“

- Resolución número CUL/RES/287/2022 de data do 31/01/2022, pola que se Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde da obra de “*Rehabilitación e acondicionamento do polideportivo municipal de Tarrío*”, redactado e asinado dixitalmente en data do 04/01/2022 por Francisco José Miñones Olveira.
- Resolución número CUL/RES/291/2022 de data do 01/02/2022, pola que se require á D. R. I. P. para que no prazo dun mes, contado dende o seguinte á recepción da notificación, proceda á retirada do vehículo abandonado na rúa Alfonso Pedreira de Ledoño, coa advertencia de que, no caso de non cumprir o

indicado, dítarase resolución, se procede, autorizando o seu traslado a un Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos para a súa posterior destrución e des-contaminación.

- Resolución número CUL/RES/290/2022 de data do 01/02/2022, pola que se require á D. J. C. F. T. para que no prazo dun mes, contado dende o seguinte á recepción da presente notificación, proceda á retirada do vehículo abandonado na rúa Roi Xordo, fronte ao número 7, coa advertencia de que, no caso de non cumprir o indicado, dítarase resolución, se procede, autorizando o seu traslado a un Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos para a súa posterior destrución e des-contaminación.
- Resolución número CUL/RES/264/2022 de data do 28/01/2022, pola que se renova o permiso municipal de condutor do Concello de Culleredo, á D. R. F. C., que ten a licenza de taxi número 24, cunha validez de cinco anos, ou ata que se produza o vencemento do seu permiso de conducir.
- Resolución número CUL/RES/263/2022 de data do 28/01/2022, pola que se renova o permiso municipal de condutor do Concello de Culleredo, á D. F. L. F., que ten a licenza de taxi número 16, cunha validez de cinco anos, ou ata que se produza o vencemento do seu permiso de conducir."

2.2.2.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

"ACTIVIDADES CULTURAIS

VENRES 11 DE FEBREIRO

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:

Teatro O Cubo: *Ningures*.

Recomendado maiores de 6 anos. Aplicaranse as medidas anti-covid en vigor.

Entrada gratuíta. Reserva de asentos a mesma semana no tfno. 981665597."

2.2.3.- A Sra. secretaria procede á lectura do escrito do Sr. alcalde (código de documento UBS16I00A3), do 7 de febreiro de 2022, que transcrito literalmente di:

"DACIÓN DE CONTA DA CONCELLERÍA DE ÁREA DE POLÍTICA SOCIAL E PROMOCIÓN DO DEPORTE.

Dase conta á **XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do día **07/02/2022** das seguintes resolucións emitidas dende esta concellería :

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
17/12/2021	2425	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio mentres se lle resolta o servizo a través do sistema público de Dependencia.	***4464**	Cinco horas á semana (agás festivos)
23/12/2021	2490	Conceder o Servizo de Teleasistencia domiciliaria e dar traslado desta resolución	***1218**	

C.I.F. P-1503100-H

		á Deputación da Coruña.	***0889**	
23/12/2021	2491	Conceder o Servizo de Teleasistencia domiciliaria e dar traslado desta resolución á Deputación da Coruña	***7165**	
27/12/2021	2495	Declarar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Xantar na Casa por mor de seu falecemento, e procédese ao arquivo do expediente.	***8303**	
27/12/2021	2497	Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e declarar concluso o procedemento	***8331**	
27/12/2021	2524	Dar de baixa o Servizo Municipal de Axuda no fogar por mor de seu falecemento e declarar terminado o procedemento.	***7124**	
27/12/2021	2526	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos).	***9617**	
27/12/2021	2541	Denegar a solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar por libre concorrencia por non acadar a puntuación mínima esixida (30 puntos).	***3133**	
27/12/2021	2542	Conceder a o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de tres horas á semana (agás festivos), mentres dure o tratamento rehabilitador pautado polo SERGAS.	***3385**	
27/12/2021	2567	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de tres horas á	***6171**	

		semana (agás festivos). Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de dúas horas á semana (agás festivos).	***2447**	
30/12/2021	2592	Denegar o servizo municipal de Teleasistencia domiciliaria por exceder a capacidade económica ata 2,5 veces o IPREM actualmente en vigor.	***3385**	

C.I.F. P-1503100-H

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
16/12/2021	2402	Conceder unha axuda económica.	***1119**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de agosto, setembro e outubro de 2021(300€/mes) e parte do recibo de aluguer de novembro de 2021 (229 €).	1129€
16/12/2021	2403	Conceder unha axuda económica.	***6410**	Pago de hipoteca, correspondente aos meses de agosto de 2021 (329€) e setembro e outubro de 2021 (400€/mes).	1129€
16/12/2021	2404	Conceder unha axuda económica.	****7636*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xuño, xullo, agosto, setembro e outubro de 2021 (200€/mes) e parte de novembro de 2021 (129€).	1129€
16/12/2021	2405	Conceder unha axuda	***8152**	Pago de aluguer,	1129€

C.I.F. P-1503100-H

		económica.		correspondente aos meses de setembro, outubro e novembro de 2021 (350€/mes) e parte de decembro de 2021 (79€).	
16/12/2021	2406	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***2324**	Pago de correspondente ao recibo de electricidade de data 17/06/2021.	5,99€
16/12/2021	2407	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***5326**	Pago do recibo de luz e gas de data 04/11/2021.	159,16€
16/12/2021	2408	DENEGAR as axudas para abono de aluguer por exceder, a unidade familiar, o límite de ingresos.	***9895**		
16/12/2021	2409	Declarar o desestímulo das axudas solicitadas para pago de aluguer e recibo de subministrados por non achegar a documentación perceptiva.	****6595*		
17/12/2021	2424	Conceder unha axuda económica.	****6144*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xaneiro e febreiro de 2021 (400€/mes) e parte de marzo de 2021 (329€).	1129€
17/12/2021	2426	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***4417**	Pago do recibo de gas de data 13/11/2021. Recibo de luz de data 21/01/2021.	18,50€ 120,66€
17/12/2021	2427	DENEGAR as axudas para abono de hipoteca e farmacia por non cumprir co artigo 5,1 do Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social, relativo ao empadramento mínimo no padrón.	***1788**		
17/12/2021	2440	Conceder unha axuda económica.	***3729**	Pago do recibos de electricidade correspondente as datas 8/01/2020 (36,83€), 9/02/2020 (37,18€), 9/03/2020 (32,71€),	

C.I.F. P-1503100-H

				12/04/2020 (37,55€), 12/05/2020 (29,46€), 8/6/2020 (29,61€), 7/7/2020 (32,54€), 16/09/2020 (38,53€), 12/10/2020 (30,19€).	
17/12/2021	2441	Conceder unha axuda económica.	****0285*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de de xullo a setembro de 2021(300€/mes) e parte de outubro de 2021 (229€).	1129€
17/12/2021	2442	Conceder unha axuda económica.	***6779**	Pago de hipoteca, correspondente aos meses de abril de 2021 (329€) e maio e xuño de 2021 (400€/mes).	1129€
22/12/2021	2470	Conceder unha axuda económica.	***0212**	Conceder unha axuda económica para o pago de aluguer correspondente aos meses de setembro e outubro de 2021 (400€/mes) e parte de novembro de 2021 (329€).	1129€
22/12/2021	2471	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***4659**	Pago aos recibos de luz de data 27/01/2021(39,18€), 24/02/2021 (39,64€), 21/04/2021 (39,60€),16/06/2021 (22,13€),07/07/2021 (23€), 22/07/2021 (41,88€) e 28/10/2021 (52,99€). Recibos de gas de data 18/02/2021(83,85€), 22/04/2021 (70,70€), 17/06/2021 (67,74€), 12/08/2021 (76,61€), 21/10/2021 (26,97€) e 22/10/2021 (78,32€).	662,61€
23/12/2021	2489	Conceder unha axuda económica.	****5660*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de agosto, setembro, outubro e novembro de 2021 (230€/mes) e parte de decembro de 2021 (209€).	1129€
27/12/2021	2494	Conceder unha axuda	***7024**	Pago de aluguer,	1129€

C.I.F. P-1503100-H

		económica.		correspondente aos meses de outubro, novembro e decembro de 2021 (350€/mes) e parte de setembro de 2021 (79€).	
27/12/2021	2496	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***7137**	Pago do recibo de gas de data 01/12/2021.	48,06€
27/12/2021	2498	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***2474**	Pago do recibo de luz de datas 19/08/2021 (27,59€), 21/09/2021 (28,30€) e 17/10/2021 (9,68€).	
27/12/2021	2499	Conceder unha axuda económica.	***3350**	Pago de recibos de electricidade de datas do 20/01/2021 (56,82€), 17/02/2021 (52,27€), 22/03/2021 (42,31€), 19/04/2021 (49,74€), 18/05/2021 (35,45€), 15/06/2021 (20,05€), 22/06/2021 (13,56€), 18/07/2021 (24,85€), 19/08/2021 (24,83€), 20/09/2021 (35,19€), 17/10/2021 (38,10€) e 15/11/2021 (21,48€).	
27/12/2021	2500	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***3295**	Pago do recibo de electricidade de data 14/12/2021.	41,48€
27/12/2021	2525	Conceder unha axuda económica.	***5419**	Pago de hipoteca, correspondente aos meses marzo a decembro de 2021 ambos incluídos (494,70€) e parte do recibo de febreiro de 2021 (25,40€).	520,10€

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
21/12/2021	2452	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de	***4269**	10 anos

		discapacidade.		
27/12/2021	2493	Conceder a a renovación da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	***0238**	10 anos
27/12/2021	2570	Conceder a renovación da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade	***7361**	10 anos

”

2.3.- DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 2 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ABREVIADO 118/2021-L.

A Sra. secretaria dá conta á Xunta de Goberno Local da dilixencia de ordenación, do 17 de xaneiro de 2022, do Xulgado Contencioso Administrativo núm. 2 da Coruña, PROCEDEMENTO ABREVIADO 118/2021-L, que acorda:

“- **Declarar firme la sentencia** dictada.

- **Remitir el expediente administrativo a la Administración demandada, junto con certificación literal de la sentencia** y, verificado, archivar las actuaciones.

MODO DE IMPUGNACIÓN:

Contra la presente resolución cabe interponer recurso de reposición, en el plazo de **CINCO DÍAS**, a contar desde el siguiente al de su notificación.”

2.4.- SENTENZA 7/2022 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 3 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ORDINARIO 39/2020.

A Sra. secretaria dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 7/2022, do 20 de xaneiro de 2022, do Xulgado Contencioso Administrativo núm. 3 da Coruña, PROCEDEMENTO ORDINARIO 39/2020, en cuxo fallo di:

“Se desestima el recurso contencioso administrativo interpuesto por el Letrado D. Carlos Hernández López, en nombre y representación de SERVICIOS DE CATERING DEL TEMPLE S.L. frente a la desestimación por silencio administrativo de la petición realizada por la actora el día 29 de marzo de 2019 y reiterada y complementada mediante escrito presentado el 4 de noviembre de 2019, en la que se solicita que se proceda respecto a las construcciones existentes en la zona clasificada como suelo Rústico del Pazo de San Fernando a declararlas, de conformidad con el artículo 90 LSG en situación de disconformidad, pero con el transcurso del plazo para el ejercicio de reposición de la legalidad sin haberse ejercitado la misma se mantienen con el uso existente.

No se imponen las costas a ninguna de las partes.

Notifíquese la presente resolución a las partes, indicándoles que contra la misma se puede interponer recurso de apelación dentro de los quince días siguientes a su notificación.

(.../...)”.

2.5.- SENTENZA 578/2021 DA SECCIÓN SEGUNDA DA SALA DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA.

A Sra. secretaria dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 578/2021 da Sección Segunda da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Galicia, recurso de apelación número 4207/2021, en cuxo fallo (anonimizado) di:

“Que debemos **ESTIMAR en parte** el recurso de apelación presentado por el Procurador D. GONZALO LOUSA GAYOSO, en nombre y representación de M.R.V.Z., contra la Sentencia 43/2021 de 5 de abril, dictada por el Juzgado de lo contencioso-administrativo número 2 de los de A Coruña en el Procedimiento Ordinario 206/2019 por la que se desestimó el recurso contra la denegación de licencia urbanística de legalización de un muro en una parcela de la Urbanización del Plan Parcial Zapateira en el Ayuntamiento de Culleredo, **REVOCANDO LA MISMA** en el sentido de anular la denegación de la licencia de legalización del muro de contención de la parte posterior de la parcela declarando que procede su otorgamiento, sin imposición de costas a ninguna de las partes.

Contra esta Sentencia podrá interponerse recurso de casación bien ante este Sala bien ante la Sala de lo Contencioso-Administrativo del T.S. que, conforme a lo dispuesto en el Art. 86 de la LRJCA, habrá de preparase mediante escrito, que habrá de reunir las condiciones exigidas en el Art. 89.2 de la misma Ley, presentado ante esta Sala en el plazo de 30 días de su notificación.

Notifíquese la presente resolución a las partes, remítanse las actuaciones al Juzgado de procedencia y archívese el presente rollo”.

2.6.- SENTENZA 571/2021 DO XULGADO DO SOCIAL NÚM. 3-REFORZO BIS DA CORUÑA, MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL CONDICIÓNS LABORAIS 767/2021.

A Sra. secretaria dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 571/2021, do 30 de decembro de 2021, do Xulgado do Social núm. 3-REFORZO BIS da Coruña, MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL CONDICIÓNS LABORAIS 767/2021, en cuxo fallo (anonimizado) di:

“Se desestima parcialmente la demanda presentada a instancia de Dª S.P.V., asistida por el letrado Sr. Gende Periscal, contra el Concello de Culleredo, representada y asistida por la letrada Sra. Fuentes Bermejo, en consecuencia de absuelve a la demandada de todos lo pedimentos contra ella dirigidos.

Notifíquese a las partes la presente resolución.

Contra esta resolución cabe RECURSO DE SUPPLICACIÓN ante el Tribunal Superior de Justicia de Galicia, el cual deberá anunciarse en este Juzgado en el plazo de los CINCO días siguientes a la notificación de esta resolución bastando la manifestación de la parte o de su abogado o representante dentro del indicado plazo.”

2.7.- AUTO 11/2022 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 2 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ABREVIADO 257/2021-M.

A Sra. secretaria dá conta á Xunta de Goberno Local do auto 11/2022, do 2 de febreiro de 2022, do Xulgado Contencioso Administrativo núm. 2 da Coruña, PROCEDEMENTO ABREVIADO 257/2021-M, en cuxo acordo (anonimizado) di:

- **Declarar terminado** por satisfacción extraprocesal, el presente recurso contencioso-administrativo interpuesto por la abogada María de Carmen Pazos Varela en nombre y representación de V.M.C.V. y Plus Ultra Seguros y Reaseguros, S.A. contra el Concello de Culleredo, con expresa imposición de costas a la demandada por un máximo de 200 euros.

Una vez firme esta resolución devolver el expediente administrativo a la administración demandada.

MODO DE IMPUGNACIÓN:

Recurso de apelación en un solo efecto en el plazo de **QUINCE DÍAS**, a contar desde el siguiente al de su notificación, ante este Órgano Judicial. (art. 80.1 c) de la LJCA) .

Conforme a lo dispuesto en la Disposición Adicional Decimoquinta de la LOPJ, para la interposición del recurso de apelación deberá constituirse un depósito de **50 euros** en la Cuenta de Depósitos y Consignaciones de este órgano judicial (.../...)”.

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H